

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 12 de novembro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso e se exclúen persoas aspirantes dos procesos selectivos para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario licenciado sanitario.

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 14 de decembro de 2022 (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario licenciado sanitario, dispón que, unha vez realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polas persoas aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

Así mesmo, o 23 de abril de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 17 de abril de 2024, desta Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se realiza o nomeamento como persoal estatutario fixo e a adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 11 de maio de 2023 (DOG núm. 98, do 25 de maio) para prover postos de difícil cobertura.

A base segunda da dita resolución establece que, no que respecta a outros procesos de selección de persoal fixo na categoría de facultativo especialista de área (na especialidade en que se tome posesión como consecuencia desa resolución) xa convocados e nos cales estean a participar, serán excluídos/as deles no momento en que se produza a dita toma de posesión, dado que non se pode acceder posteriormente á mesma especialidade en que xa se acredita a condición de persoal fixo.

Trátase, en concreto, do concurso-oposición convocado pola dita Resolución do 14 de decembro de 2022 e do concurso de méritos de estabilización convocado pola Resolución do 26 de decembro de 2022 (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023).

Con base en todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral, como órgano convocante deste proceso selectivo,



RESOLVE:

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) as puntuacións provisionais, correspondentes á fase de concurso, obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos procesos selectivos para o ingreso nas categorías de facultativo/a especialista de área nas especialidades de Alergoloxía, Anatomía Patolóxica, Anestesioloxía e Reanimación, Anxioloxía e Cirurxía Vasculard, Aparello Dixestivo, Cardioloxía, Cirurxía Cardiovascular, Cirurxía Oral e Maxilofacial, Cirurxía Pediátrica, Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora, Cirurxía Torácica, Cirurxía Xeral e Aparello Dixestivo, Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía, Endocrinoloxía e Nutrición, Hematoloxía e Hemoterapia, Medicina Física e Rehabilitación, Medicina Intensiva, Medicina Interna, Medicina Preventiva e Saúde Pública, Microbioloxía e Parasitoloxía, Nefroloxía, Neurocirurxía, Neuroloxía, Oftalmoloxía, Oncoloxía Médica, Otorrinolaringoloxía, Pediatría e as súas áreas específicas, Pneumoloxía, Psicoloxía Clínica, Psiquiatría, Radiodiagnóstico, Reumatoloxía, Uroloxía, Xeriatria e nas categorías de médico/a asistencial do 061 e médico/a coordinador do 061, convocados pola Resolución do 14 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro de 2023).

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 14 de decembro de 2022, contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o respectivo tribunal de selección no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións definitivas da fase de concurso, que se efectuará no *Diario Oficial de Galicia*.



Terceiro. Anular todas as actuacións neste proceso selectivo e confirmar a exclusión das persoas que, como consecuencia da referida Resolución do 17 de abril de 2024, desta Dirección Xeral de Recursos Humanos, foron nomeadas e tomaron posesión do destino definitivo adxudicado, ao adquiriren a condición de persoal estatutario fixo nesa mesma especialidade da categoría de facultativo/a especialista de área. A dita listaxe pódese consultar no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2024

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: fn6b3a06-j4j3-e6n3-8hk9-3w1u3ffoj3z8

